



CPR El Pilar Vigo

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1 Introdución

- 1.1 Datos básicos do centro
- 1.2 Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3 Breve xustificación do mesmo
- 1.4 Proceso de elaboración

2 Situación de partida

- 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3 Análise DAFO

3 Plan de Acción

- 3.1 Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4 Avaliación do PD

- 4.1 Seguimento do Plan de Acción
- 4.2 Propostas de mellora (revisión)

5 Difusión do PD

1 Introducción

1.1 Datos básicos do centro

Código centro: 36011257
 CPR El Pilar Maristas Vigo
 r/ Venezuela, 20 – 36203 Vigo
cpr.el Pilar@edu.xunta.gal
www.maristasvigo.es

Alumnado:

Etapa	n.º
Infantil	154
Primaria	388
ESO	301
Bacharelato	0
TOTAL	843

Profesorado:

	Nº profesorado total
Infantil	14
Primaria	35
ESO	22
Ed. Especial	2
ENR	1
Total	68

Composición do colexio:

Etapas	Unidades
II Ciclo Ed. Infantil	7
Ed. Primaria	18
Ed. Especial (psíquicos)	1
ESO	12
Bacharelato	0

1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- **Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro**

A maioría do alumnado do noso centro vive moi próximo ao colexio. Isto supón que o índice cultural e socioeconómico sexa medio alto. Sen embargo, o centro conta cunha porcentaxe considerable de alumnado procedente doutros países, algúns deles cunha problemática socio-económica complicada.

A contorna da comunidade educativa favorece a integración das TIC. Os alumnos usan os dispositivos dixitais e amosanse receptivos á súa inclusión na práctica docente. Unha porcentaxe alta dos alumnos posúen smartphone ou tablets a partir de primeiro/segundo da ESO. Aínda que non está permitido o uso de dispositivos persoais no centro, deixase nos cursos superiores da ESO a libre elección docente, se así o precisa, o seu emprego puntual en actividades pedagóxicas.

O profesorado ven recibindo formación neste aspecto xa dende hai moitos anos e integran o uso de recursos dixitais na súa práctica docente: programación didáctica, xestión de aula, docencia, aula virtual e incluso en casos máis contados coa creación de recursos propios. As familias do noso alumnado, usan de xeito habitual as ferramentas de comunicación baseadas en TIC, acceden á web colexial, utilizan o portal de comunicacións, as redes sociais e participan nas sesións formativas que se ofrecen dende o centro.

- ***Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro: traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa.***

Entre os obxectivos xerais do **proxecto educativo** este obxectivo que o é, ademais, do noso **plan estratéxico 2019-2022** e que está vencellados tamén á dixitalización polas súas implicacións.

“OE.03 Dar protagonismo a los niños y jóvenes a través de nuestro Modelo Educativo Marista ofreciendo experiencias que integren lo pedagógico, la espiritualidad y la solidaridad”

Este obxectivo concretase nestes outros que inclúen de xeito implícito o desenvolvemento dixital:

- Completar a implantación do Modelo Educativo de Maristas Compostela que fai ao alumnado protagonista do seu propio crecemento, a través dunha educación innovadora.
- Implantar un modelo de xestión de persoas baseado no acompañamento e a avaliación do desempeño, que favoreza comunidades educativas e que faga do colexio Marista El Pilar un lugar atractivo no que desenvolver a carreira profesional.

É no contexto do primeiro dos obxectivos, a implantación do **Modelo Pedagógico Marista**, onde a referencia o ámbito dixital é máis patente. Como non pode ser doutro xeito as TIC, atópanse integradas de forma continua en todo o proceso de cambio metodolóxico nos nosos modelos pedagóxicos **iCrezco** para infantil e **iAprendo** en EPO e ESO.

Neste obxectivo estratéxico, que se desglosa en varios proxectos estratéxicos, resaltamos a incorporación das novas tecnoloxías no ensino aprendizaxe. O proxecto divídese en varias iniciativas que se concretan no mantemento das nosas infraestruturas, incrementar a formación do profesorado e integrar a tecnoloxía no proceso de ensino e aprendizaxe.

O Colexio Marista El Pilar considerou a incorporación das TIC na aula e na xestión do centro. Este cambio foi progresivo e requiriu a modificación das infraestruturas, a formación progresiva dos docentes (integración das competencias requiridas) e os implicados, para posteriormente irse extendendo a toda a comunidade educativa. Este cambio foi liderado polo Equipo directivo e, posteriormente, polo equipo de Modelo Pedagógico e o equipo TIC.

- **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.**

Referenciando o marco da competencia dixital docente no que se definen áreas, competencias, etapas, niveis e indicadores de logro; as áreas 3, 4 e 5 falan directamente do proceso de ensino-aprendizaxe, avaliación e retroalimentación, o empoderamento do alumnado e a inclusión que son todos eles eixos vertebradores do noso modelo educativo. Tendo en conta todo isto de cara o noso plan estratéxico colexial, plan dixital anual, e actualización do devandito modelo educativo, consideramos imprescindible:

- Integrar nas programacións didácticas o uso das tecnoloxías dixitais, de forma creativa, segura e crítica para mellorar a eficacia das prácticas docentes.
- Xestionar e coordinar adecuadamente as intervencións didácticas dixitais, asegurando o funcionamento dos dispositivos, recursos e servizos durante a implementación da programación didáctica
- Utilizar as tecnoloxías e servizos dixitais, cumprindo coas medidas de seguridade e protección de datos, para mellorar a interacción individual e colectiva co alumnado, dentro e fóra das sesións de aprendizaxe.
- Empregar as tecnoloxías dixitais para ofrecer orientación e asistencia pertinente e específica.
- Seleccionar e utilizar tecnoloxías dixitais seguras para mellorar a aprendizaxe do alumnado a través da colaboración.
- Proporcionar estratexias ao alumnado para utilizar as tecnoloxías dixitais de comunicación e cooperación co fin de enriquecer os procesos de aprendizaxe e desenvolver a súa capacidade de aprender a aprender entre iguais.
- Utilizar as tecnoloxías dixitais para favorecer no alumnado a metacognición, a través da reflexión sobre a propia aprendizaxe e o desenvolvemento das accións estratéxicas para planificar, supervisar, contrastar ideas, solicitar axuda e documentar os procesos de aprendizaxe realizados.
- Utilizar as tecnoloxías dixitais para o deseño dos medios e instrumentos de avaliación diagnóstica, formativa e sumativa e implementarllos cumprindo coas medidas de seguridade e protección de datos persoais.
- Utilizar as tecnoloxías dixitais para ofrecer retroalimentación ao alumnado respectando a privacidade e seguridade da información achegada.
- Utilizar as tecnoloxías dixitais para atender as diferenzas do alumnado, garantindo os seus dereitos dixitais, de forma que todos poidan alcanzar os obxectivos de aprendizaxe.
- Integrar as tecnoloxías dixitais en estratexias pedagóxicas que promovan o compromiso activo do alumnado cunha materia, convertíndole en protagonista da súa propia aprendizaxe e incentivando o desenvolvemento de operacións cognitivas complexas e de competencias *transversais, como o pensamento crítico ou a creatividade.*

1.3 Breve xustificación do mesmo

Contextualización normativa en relación co Plan Dixital do centro a ter en conta para o deseño, posta en funcionamento e avaliación do plan dixital:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-202.
- Resolución de 4 de mayo de 2022, de la Dirección General de Evaluación y Cooperación Territorial, por la que se publica el Acuerdo de la Conferencia Sectorial de Educación, sobre la actualización del marco de referencia de la competencia digital docente.

1.4 Proceso de elaboración

Para a confección do plan dixital, creouse un equipo no centro formado por: Susana Sánchez (directora), Sandra Iglesias (XE ESO), Yolanda López (XE EPO), Carmen Escudero (Coordinadora EAL), Manuel Ulla (membro do ED) e Manuel Alvite (Coordinador TIC), contando ademais coa mentorización, desde a administración educativa, de Jose Jorge Vaz (ADIX). Neste equipo estaban representadas todas as etapas. Creouse un espazo compartido de traballo no Google Drive colexial no que se ían incorporando os distintos pasos desenvolvidos e articulados desde a aula virtual Moodle que a administración puxo á nosa disposición. Partindo da análise inicial, estudo e contextualización, realizouse unha análise DAFO para obter alternativas estratéxicas que deron paso aos obxectivos e accións a desenvolver.

2 Situación de partida

2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:**

Conectividad wifi en todo o colexio: cableado categoría 6 ata os 25 puntos de acceso Cisco MR33; 9 Switches (modelos varios); 2 cámaras MV21 e 1 firewall Cisco MX100; e dous conexións a internet de 350 MB simétricas. Servidor de datos NAS. Cableado a todos os despachos, con cable categoría 6.

- **Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías: aulas dixitalizadas, proxecto E-Dixgal, equipos de xestión e administración, uso na biblioteca, equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos, equipos**

ultraportátiles para aula móvil, aulas de informática e dotacións para proxectos específicos.

36 aulas dixitalizadas: proxector, PC ou portátil, PDI

Aula de informática primaria: 25 PC

Aula de informática secundaria: 27 PC

2 aulas móbiles con 30 Chromebooks cada una.

Biblioteca primaria: 4 PC, 1 impresora

Salas de profesorado: 6 PC

Outros (despachos, salas multiusos...): 5 PC, 5 portátil, 4 proxectores, 2 fotocopiadoras, 6 impresoras.

- Servizos dixitais educativos: servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente:

- *páxina web do centro: www.maristasvigo.es*
- *aula virtual Moodle: aula.maristasvigo.com*
- *Comunicación e xestión: Plataforma Globaleduca*
- *Presencia en RR.SS. Twitter, Instagram, Facebook, Vimeo e Youtube.*
- *Intranet sharepoint dependiente da plataforma de comunicación e xestión.*
- *Edelvives dixital: recursos dixitais para o ensino.*
- *Tatum: plataforma de apoio o plan lector.*
- *Fiction Express: plan de desenvolvemento da lectura*
- *Google Workspace Plus e ferramentas asociadas ao dominio maristasvigo.es*
- *Microsoft Office 365 e ferramentas asociadas ao dominio maristasvigo.org*

- Xestión do mantemento do equipamento do centro.

- *Técnico encargado do mantemento e contratado polo colexio como PAS por 30 horas/semanais.*
- *Sistema de incidencias tecnolóxicas*
A través de Whatsapp específico co técnico encargado do mantemento que rexistra e tramita a incidencia.

- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC

- *Plan de continxencia: Na potería do colexio e o centro de mando onde comeza o plan de continxencia. Dende aquí de forma automática e dixital se lanza una alarma a través da megafonía do centro e locución que fala das recomendacións necesarias.*
- *Plan de protección de datos e ciberseguridade. Plan director. Todos os aspectos relacionados coa seguridade na rede e contrasinais seguras, e procolos correspondentes.*
- *Plan de indicencias.*
- *Plan estratéxico colexial.*

- Base de datos provincial de formación.
- Plan ecosocial: sustentabilidade dos consumibles, e aforro enerxético. Economía circular.

2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de decembro de 2021, de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
A -Liderado	Equipo Direct.	3,8	3,7
	Profesorado	3,5	3,9
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,3	3,2
	Profesorado	3,1	3,2
	Alumnado	3,8	3,2
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,8	4,7
	Profesorado	4,1	4,4
	Alumnado	4,1	3,7
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,3	3,3
	Profesorado	3,1	3,5
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,9	4,3
	Profesorado	4,3	4,2
	Alumnado		4,0
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,3	3,3
	Profesorado	3,7	3,8
	Alumnado	4,2	3,7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,9	3,0
	Profesorado	3,1	3,1
	Alumnado		3,1
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,3	3,7
	Profesorado	3,4	3,9
	Alumnado	4,1	3,7

Test CDD: información recollida nas táboas 1.3, 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro. Aínda que hai que precisar cos resultados non deixan de ter un valor estimativo, posto que é una autoavaliación do profesorado, que ten o valor indicativo pero de ningún xeito serve para facer comparanzas entre os centros e incluso no propio centro.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% de participación
LS1 - Substituto	5	7	71,4%
L01 - Laboral	45	61	73,8%
TOTAL	50	68	73,5%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
90,7	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Infantil	78,2	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
ESO	93,5	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
Primaria	92,7	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
Ed. Especial	79	Integrador/a (B1)	72,2	Integrador/a (B1)
ENR	NP		75,4	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/a (A2)	7	14%
Integrador/a (B1)	26	52%
Experto/a (B2)	15	30%
Líder (C1)	2	4%

Outras fontes:

- Informe Selfie do 2019-2020
- Test CDD

2.3 Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no ámbito dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	-Equipamento e dispositivos dixitais para o proceso de ensino-aprendizaxe. -Protocolo de protección de datos. -Edificio dixital (equipos, instalacións, redes, asistencia técnica...).	-Protocolo de rexistro e seguimento histórico de incidencias. -Inestabilidade da rede. -Falta de recursos para ter persoal propio, a tempo completo, para o seguimento e mantemento da infraestrutura.
	PERSOAL DOCENTE	-Alto índice de búsqueda e uso de recursos dixitais en internet -Uso de ferramentas dixitais de comunicación -Uso de ferramentas dixitais adaptadas ás necesidades do alumnado	-Falta de tempo para a creación de recursos dixitais propios. -Debate e reflexión sobre o uso das tecnoloxías no proceso de ensino-aprendizaxe -Escasa formación e coñecemento sobre o pensamento computacional. -Uso das ferramentas dixitais para o proceso de avaliación
	PERSOAL NON	-Uso avanzado de ferramentas dixitais no ámbito	- Falta de persoal non docente propio para desenvolvemento

DOCENTE	administrativo. -Dixitalización da biblioteca colexial	dixital e apoio tecnolóxico para os docentes.
ALUMNADO	- Uso frecuente de ferramentas dixitais de comunicación - Uso frecuente de ferramentas dixitais para traballar en grupo - Emprego seguro e responsable da rede. - Implantación e uso fluído da plataforma Google Workspace (especialmente en Secundaria)	- Fronte o uso fluído de apps e redes sociais, baixo nivel de coñecemento e habilidade noutros aspectos ou ferramentas básicas (sistemas operativos, ofimática, correo-e...) - Uso das ferramentas dixitais para o proceso de auto e coavaliación - Habilidade para distinguir a información fiable da non fiable.
FAMILIAS	- Alto grado de aceptación do programa 'One to One' en Secundaria.	- Alto índice de familias con carencias que dificultan o acceso ós dispositivos dixitais necesarios nalgunhas etapas.
OFERTA	WEB permanente actualizada. - Plataforma de comunicación interna. - Traballo do equipo de comunicación do centro a través das RRSS para a visibilidade do traballo.	
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	- Uso de servizos espazos dixitais compartidos tanto para o traballo colaborativo como para almacenaxe e organización de arquivos (Google Workspace, Intranet, Servidores colexiais...) - Plan anual TIC.	Compatibilización das horas TIC coas horas docentes.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	- Posibilidade de participar dos programas de formación da Xunta. - Acceso a programas e recursos municipais. - Realización do plan dixital proposto pola Xunta - Programas de formación doutras Administracións (INTEF,...)	
	LEXISLACIÓN	- Nova lexislación que promove o desenvolvemento da cultura dixital (programas STEAM, materias optativas ou libre configuración...)	- Falta de concreción curricular respecto a posibilidade de impartir unha materia sobre "competencia dixital" en cursos inferiores (Primaria).
	CONTORNA	- Grande oferta de recursos, ferramentas que se poden empregar ou adaptar para a aprendizaxe.	- Pouca cultura no uso da tecnoloxía como ferramenta de aprendizaxe (máis de comunicación, relación, información...)
	ANPA	- Utilización de recursos da ANPA para favorecer o acceso do alumnado as novas tecnoloxías e diminuír a brecha dixital especialmente en entornos desfavorecidos.	
	OUTRAS ENTIDADES	- Apoio da Provincia Marista co desenvolvemento de programas de capacitación dixital para docentes. - Convenios da institución Marista con Google, Microsoft, Genially...	- Rápida obsolescencia dalgúns recursos ou dalgunhas titulacións de capacitación dixital.

3 Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas en cada curso escolar, o Plan de Acción ten en conta os recursos materiais e humanos no momento da súa elaboración.

Os obxectivos propoñen unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Plan de Acción a partir da análise DAFO:

Se establecen áreas prioritarias e determinan os obxectivos (específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados o marco temporal) que queremos conseguir.

Ademáis os obxectivos están contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Tamén indicamos brevemente ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con qué elementos. Esta información a proporcionará e reportará os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.

Así mesmo, se determinan as accións para conseguir cada obxectivo, os responsables das mesmas, a temporización acordada e os recursos necesarios.

Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

O plan de acción faise para o curso escolar 2022/2023

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A corto/medio prazo está previsto a substitución nas aulas das PDI + proxector por **monitores interactivos**. Ademáis, en canto a infraestructura de rede prevese a substitución dos **switches** máis antigos por uns novos co fin de evitar o efecto “cuello de botella” que se produce en determinados momentos nalgúns puntos do edificio.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURAS E EQUIPOS (A)						
OBXECTIVO 1:	SISTEMATIZAR O MANTEMENTO DA INFRAESTRUCTURA DIXITAL COLEXIAL				Acadado	
Responsable:	EQUIPO DINAMIZACIÓN TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Arquivo actualizable de inventario de infraestructura e ferramenta dixital de rexistro e seguimento de incidencias.					
Valor de partida:	0 arquivo e 0 ferramenta					
Valor previsto e data:	1 arquivo e 1 ferramenta			MARZO 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Elaboración dun inventario con etiquetado de toda a infraestructura de centro, de xeito que se poda facer un seguimento da mesma	Mantemento informático e Administrador	Decembro 2022	- Arquivo de inventario. - Etiquetas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Estudo e decisión das modificaciónes ao procedemento de rexistro e seguimento de incidencias dixitais do centro.	Equipo dinamización TIC	Xaneiro 2023	- Convocaroria Equipo Dinamización TIC. - Documento de conclusións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Posta en práctica do novo sistema de rexistro e seguimento de incidencias e anuncio o claustro dos cambios, se procede.	Mantemento informático	Marzo 2023	-Plataforma/ferramenta de traballo. -Plataforma de comunicación colexial.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: **DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTÍNUO (D)**

OBXECTIVO 2:	AVANZAR NA FORMACIÓN DOCENTE EN FERRAMENTAS DIXITAIS PARA O PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE		Acadado
Responsable:	CORDINADOR TIC		Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de microsesións ao trimestre/ % de participación media nas formacións propostas institucionais anunciadas polo centro.		
Valor de partida:	0 sesións/ 30% de participación nas formacións provinciais/ 0% de participación nas formacións da Xunta		
Valor previsto e data:	0 sesións/ 50% de participación nas formacións provinciais/ 10% de participación nas formacións da Xunta	XUÑO 2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Impartición de microsesións formativas locais en ferramentas TIC	Coordinador TIC	Xuño 2023	- Espazos. - Intranet para rexistro da microsesión. - Específicos da ferramenta.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Selección e convocatoria de formacións institucionais que poidan ser de interese para avanzar no uso de ferramentas dixitais de aprendizaxe	Equipo directivo e Coordinador TIC	Xuño 2023	-Plataforma de comunicación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Habilitar sistema de Rexistro interno de participación nas formacións propostas polas institucións.	Equipo directivo	Outubro 2022	- Plataforma de comunicación de centro e arquivo de rexistro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO (H)

OBXECTIVO 3:	DESENVOLVER A COMPETENCIA DIXITAL NO ALUMNADO INCLUÍNDO MATERIAS ESPECÍFICAS NAS DISTINTAS ETAPAS.		Acadado
Responsable:	EQUIPO DIRECTIVO		Non acadado

INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Numero de materias impartidas específicas sobre competencia dixital no alumnado en EP e ESO	
Valor de partida:	0 materias de Competencia Dixital en EP e ESO	
Valor previsto e data:	1 materia de Competencia Dixital en EP e 1 materia de Competencia Dixital en ESO.	XULLO 2022

ACCÍONS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Análise das posibilidades que a nova lei nos da nas etapas de primaria e secundaria para incluír materias específicas de competencia dixital para o alumnado no curso 22/23	Equipo directivo	Xullo 2022	<ul style="list-style-type: none"> - Documento coa nova lei así como currículos xa existentes - Orde do día de reunión ED - Acta do ED. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Inclusión e presentación, se procede tralo análise anterior, das novas materias.	Equipo directivo	Xullo 2022	<ul style="list-style-type: none"> - Acta de reunión de ED. - Sesión de claustro. - Acta de sesión de claustro 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: APOIO E RECURSOS (E)

OBXECTIVO 4:	CREAR BANCO DE RECURSOS DIXITAIS COMÚNS NOS DISTINTOS CICLOS E ÁREAS	Acadado	
Responsable:	COORDINACIÓN TIC	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Espazo dixital común organizado para distintos ciclos e/ou departamentos/ % de ciclos/departamentos que inclúen os recursos no mesmo		
Valor de partida:	0 espazos de recursos TIC comúns / 0% de ciclos/departamentos que inclúen recursos no banco común.		

Valor previsto e data:	1 espazos de recursos TIC comúns/ 50% de ciclos/departamentos que inclúen recursos no banco común			XUÑO 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO4.1: Elaboración dunha plantilla dixital aproveitando algún dos soportes dispoñibles polo centro para a inclusión dos recursos.	Coordinación TIC	Decembro 2022	- Plataforma/Ferramenta de traballo (Google Sites vs, Microsoft SharePoint)		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO4.2: Creación de tempos específicos periódicos dentro do horario para a creacion e mantemento do banco de recursos dos distintos equipos (ciclos/departamento)	Equipo directivo	Decembro 2022	- Orde do día ED. - Acta de ED		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO4.3: Presentación no claustro do banco de recursos TIC colexial así como da dinámica de traballo do mesmo	Coordinación TIC	Xaneiro 2023	- Sesión de claustro - Acta de sesión de claustro - Sala		Realizada
					Aprazada
					Pendente

4 Avaliación do plan

O procedemento de seguimento:

O responsable de seguimento do plan dixital será o coordinador TIC quen, coa axuda do equipo creado para a súa elaboración, informará e lembrará ó comezo de cada trimestre as accións programadas ós responsables das mesma. Ademáis quedará constancia no ED, a través de acta trimestral, dito seguimento.

A avaliación do plan é procesual:

A avaliación do plan corre a cargo do coordinador TIC e do Equipo Directivo. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles propostas de mellora.

No remate do curso hai avaliación final :

A frecuencia de realización será como mínimo anual, e servirá para informar ó claustro de profesores, comunidade educativa e Consello Escolar. Terá como referencia a información que proporcionan os indicadores e os valores conformes das accións, así como da análise posterior da influencia do plan nos procesos do centro.

Emitirase unha memoria con aspectos a considerar, ademáis as propostas de mellora.

5 Difusión do plan

No contexto do Plan de comunicación colexial, o Equipo de Comunicación velará para que as accións acometidas no Plan Dixital sexan coñecidas, se fose preciso, por medio da paxina WEB e das redes sociais do colexio.

Ademáis temos que ter en conta:

- A súa presentación o Consello Escolar no última reunión do curso actual.
- Para a difusión do plan á comunidade educativa informarase en claustro e publicarase na intranet colexial.
- Da mesma forma, consideramos á Comisión de Coordinación Pedagóxica corresponsable da difusión e dinamización do plan entre o profesorado, a través das reunións de ciclos e equipos didácticos.